



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA (A PETICIÓN DOS CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P.) CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 3 DE MAIO DE 2017.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarme Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. María Cristina Goás Fernández.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dezanove horas do día tres de maio de dous mil dezasete, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación (a petición dos concelleiros do grupo municipal do P.P.), baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusa a súa asistencia verbalmente o concelleiro D. Jaime Eduardo de Olano Vela e D. Marcos Besada Álvarez. Non asiste a esta sesión a interventora municipal nin o interventor por delegación.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- ANÁLISE E EXPLICACIÓN DETALLADA DE TODO O ACONTECIDO ENTORNO Ó PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL PARA A PISCINA MUNICIPAL.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que o seu grupo renuncia ás dietas deste pleno, xa que se se fixesen as cousas ben non tería que celebrarse. Sinala que todo empezou en novembro de 2015, cando correndo se trouxo ao pleno a municipalización da piscina. Recorda que o grupo do P.P.



votou en contra, non por estar en contra da xestión directa, senón porque entendían que se debía contar con datos que amosasen qué xestión debía adoptarse para ofrecerlles aos veciños un servizo de calidade, non se fixo así e por iso votaron en contra. Engade que tras o último contrato a piscina estivo un ano pechada, cobrando os traballadores igual. Coa empresa Turviveiro foi unha xestión directa, con traballadores recollidos do Porto Deportivo. Recrimina que o equipo de goberno afundise Truviveiro, Aparcamentos A Mariña, disolveron Eogal, polo que lles daba medo a xestión directa vistos os resultados. Engade que logo viñeron as bases dun día para outro. Di que a Sra. Alcadesa dixera no seu momento que se tratara o asunto nunha Comisión Informativa, recorda que lle pediu entón a acta, que non se lle entregou e que lle consta que non foi así, que non se tratou en ningunha comisión. Apunta que naquel entón se pediu un pleno extraordinario e que daquela xa se falaba dun “traxe a medida”, que podería ser porque así o parecía, tratándose dunhas bases pouco esixentes. Apunta que en procesos similares, por exemplo no Concello de Chantada, a Deputación elaborou tamén unhas bases e resultaba curioso contrastar aquelas coas de Viveiro, xa que parecía que aquí se estaba contratando xente para outra cousa. Así a modo de exemplo cita que en Chantada para monitor se esixía ser técnico superior en educación deportiva e aquí soamente graduado escolar ou equivalente, sinalando que él o ten e non sabería desempeñar ese traballo, parecía que isto o estaba a pilotar un sindicato e non o equipo de goberno. Engade que tras un ano de todo iso se veu como se converteu todo nun despropósito. Tras a reclamación dunha persoa repuntuáronse dúas prazas e o aspirante que fora número un pasaba a cuarta posición, e esa persoa resultaba ser o enlace sindical que negociou as bases. Di non entender porque naquel entón se preguntaba o Sr. Fraga se as bases serían as adecuadas, pero agora entende o porqué. Apunta que aínda quedaba o final, o elixido para xerente non o podía ser, segundo o dixo unha segunda sentenza. Afirma que se xoga coa vida das persoas, tanto co que entrou e agora se ten que ir coma co que non entrou. Ademais isto trae consecuencias económicas porque tanto o que se vai como o que entra van reclamar, e pregúntase quen vai pagar isto. Pregúntalle á Sra. Alcadesa se lle vai reclamar isto á Deputación, se vai pedir responsabilidades, se as vai asumir ou se o van pagar os veciños. Laméntase que Viveiro volva ser noticia por unha trangallada destas, indicando que o sufrimento pasado non se pode devolver con nada e gustaríalle saber a quen se van esixir responsabilidades.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que o Sr. Bouza relatou máis ou menos o que aconteceu. Comunica que tamén os tres concelleiros non adscritos van renunciar ás dietas deste pleno. Sinala que no ano 2015 o grupo do P.P. votou en contra da xestión municipal por ideoloxía. Engade que eles defenden a xestión directa porque os beneficios sempre van ser para os veciños e non para empresas, pero o problema é cando a xestión é mala como é o caso. Di que se pode falar das diferentes empresas municipais de Viveiro. A xestión dos servizos municipais entende que a veces é deficitaria, pero pode verse como un servizo que ten que dar beneficios ou como un aporte para dar servizos aos cidadáns. Entende que o camiño ten que ser cara unha boa xestión pública, na que a piscina se sustente. Sinala que a súa preocupación é que o grupo do P.P. aquí vai ter razón sobre a privatización, xa que unha mala xestión pública leva a que poda haber razóns para defender iso. Sinala que no rogo que teñen para o



pleno ordinario solicitan que aparte das dúas prazas que xa foron xulgadas se revisen todas, é unha revisión de oficio que pode facer o Concello. Respecto á realización dos procesos de selección por parte da Deputación alude tamén ás bases do “Lugoemprega”, bases que logo se usaron uns 5 ou 6 anos, sendo procesos que están viciados. Di que o Concello pode solicitar técnicos doutros Concellos e facer a selección dende aquí, xa que dende a Deputación o proceso pode verse controlado polo goberno socialista da Deputación que coincide con outro goberno socialista do Concello. Entende que sempre pode haber erros, pero considera que sería moito mellor.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a xestión directa non dá lugar a discusión, a xestión directa está comprobado que foi boa, non hai máis que ver que agora hai máis aboados. Entende que os traballadores fan un bo traballo, hai máis nenos, máis cursos e máis aboados, aínda que siga habendo pequenas deficiencias, polo que considera que non se debe mesturar, xa que a xestión si é boa. Resalta que unha preocupación que viña habendo era que moitos nenos se ían a outras piscinas e a día de hoxe hai moitos nenos, di que non se recadan beneficios pero que a día de hoxe funciona ben. Manifesta que cando se fixo outro pleno sobre a piscina que pedira a oposición díxose xa que as bases reunían os requisitos precisos, e que se fixeran para que puidese entrar todo o mundo, e referíndose ao portavoz do grupo do P.P., dille que el non pode entrar porque tampouco ten os títulos específicos que tería que ter para un posto na piscina. Engade que por ser un proceso transparente é polo que hai reclamacións, que as hai en todos os procesos, indicando que reclamaron dúas persoas. Continúa dicindo que se realizou unha nova puntuación, xa que no seu momento puntuouse a media xornada como se fose xornada completa, e ese foi o erro, non houbo ningún “baile” senón que o que houbo foron renuncias dos aspirantes seleccionados. Respecto ao posto de xerente manifesta que gañou o recorrente por unha interpretación das bases. Engade que o Concello de Viveiro carece de persoal funcionario para seleccionar, e se hai que pedir a outros concellos leva máis tempo. Na Deputación hai un área de asesoramento á que moitos concellos recorren, e o Concello de Viveiro recorreu en moitas ocasións e en todos os procesos houbo reclmacións e a maioría gañáronse. Sinala que non hai nada máis, que ela pode asumir a aprobación dunhas bases, que poderán ser discutibles, pero que eran para todo o mundo. Pregúntase á medida de quén, e dille ó grupo do P.P. que esas acusacións de bases a medida terán que demostralo onde hai que facelo. Repite que en todos os procesos hai reclamacións, e que a veces pode haber erros, xa que o Tribunal está formado por persoas, e di que este pleno xa se fixo hai un ano. Fai referencia a que de momento non houbo reclamacións dos afectados polas sentencias e se se presentan xa se estudarán e se verá, e alude a que houbo traballadores que reclamaron de Turviveiro e desestimáronse as súas reclamacións, indicando que iso non interesa decilo. Engade que persoalmente lle doe que había unha persoa que levaba un ano traballando e se ten que marchar, e insiste que de 14 postos reclamaron dúas persoas. Incide en que o Tribunal da Deputación é igual de transparente que se a selección se fai con funcionarios doutros Concellos.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que o seu grupo xa o dixo antes e o volve a dicir agora, que non teñen nada en



contra da xestión directa, que queren unha boa xestión, e se pode ser que non xere déficit mellor. Indica que a Sra. Alcaldesa decía que a xestión era boa, e felicitan aos que entraron a traballar, sinalando que sabían que ía funcionar, pero polo esforzo do persoal que entrou, non polo da Alcaldía, e manifesta que os traballadores decían que se sentían sós e abandonados, que recorrían ao concelleiro de deportes e o de facenda e logo tiveron que acudir ao concelleiro de obras. Engade que os traballadores se implicaron moito, xa que defenden e cren no que fan. Respecto aos traxes a medida sinala que pode dar un repaso polas prazas convocadas, e a modo de exemplo cita a situación en varias prazas:

-Operarios de mantemento, dicindo que había dous, sácanse dúas prazas (unha a xornada completa e outra a media xornada), pídesse FP2 e así elimínase a un que non o tiña, o outro que entra xa estaba traballando en Turviveiro.

-Recepción: Faise referencia a que queda deserto nun primeiro momento a praza do 25% da xornada e logo cúbrese co 50%.

-Socorrista: Sacan só unha praza cando había dous e o elexido xa estaba traballando en Turviveiro.

-Monitor-deportivo: Sácanse dúas prazas (unha a xornada completa e outra a media xornada). Non se pide ter título de natación, incídese en aeróbic e ximnasia. Os que tiñan aeróbic e ximnasia gañan ese concurso. Gaña o de xornada completa a traballadora que tiña representación sindical e logo vese que se sumaran 4 puntos de máis. No seu contrato non se menciona nada de socorrismo e a diferenza dos outros postos libran as fins de semana.

-Monitor sala-socorrista: Sácanse dúas prazas (unha a xornada completa e outra a media xornada). Tiñan que facer labores de socorrismo e nesta gaña a representante sindical.

-Limpeza: Establecíase unha puntuación de 13 sobre 20 por experiencia limpando instalacións deportivas. Saen seleccionadas nai e a filla. Renuncia a filla e entra a nai, logo a naiponse de baixa e entra a filla.

Fai referencia a posibles influencias de malas relacións previas entre traballadores. Tras o relato sobre cada praza dille á Sra. Alcaldesa que se non quere ver todo isto é que ten un problema de percepción da realidade, pero que un traxe a medida parece.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que cando se fala da xestión non se está a falar só do último ano, xa que esta imaxe quedou tapada polo proceso. Di que o que interesa é que a xestión sexa boa. Engade que lle dá pena que non haxa datos económicos nin do nº de aboados, sendo unha pena que non se trouxeran datos. Engade que das deficiencias non se vai culpar aos traballadores, secan cales sexan, e que non se dixo se as bases eran ou non legais nin que non fosen transparentes. Pregúntase se todos realizan a mesma xornada, porque houbo esas modificacións ás que fixo referencia o Sr. Bouza e se os monitores exercen de socorristas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que cando falou da xestión directa e dixo que fora unha boa xestión facía referencia en todo caso a que foi así grazas aos traballadores da piscina, non o dixo para levar mérito algún. Manifesta que non é certo que os traballadores estivesen abandonados, e di que o concelleiro Fernández Cal é o concelleiro de obras, membro do goberno, polo que non estiveron polo tanto



abandonados, e o concelleiro de deportes tamén lle consta que estivo pendente, ao igual que o concelleiro de facenda, e dille ao Sr. Bouza que cando busque información o faga das dúas partes. Engade que non coñece se a representante sindical se levaba mal ou non con alguén e repite que as bases se fixeron para que puidese optar todo o mundo, e houbo xente moi válida. Engade que ademáis grazas á Deputación e porque se escoitaron as necesidades da piscina agora hai un monitor máis a xornada completa, e pouco a pouco fóronse facendo labores de mantemento. Sinala que este pleno era exclusivamente sobre o tema da selección de persoal, por iso non trouxo datos sobre a xestión, pero non ten inconvinte en dar datos, sinalando que os usuarios subiron, e seguen manténdose. Reitera que a xestión directa da piscina foi boa, grazas aos traballadores e a que estes fixeron moitas horas. Apunta a que se nun momento dado non funciona dirao, e indica que a xestión privada en épocas nas que gobernaba o P.P. tampouco funcionou, deixando a piscina en moi mal estado o que motivou o seu peche temporal, indicando que aínda hai deficiencias pero que pouco a pouco se vai mellorando.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 19.40 do día 3 de maio de 2017, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)